Con anterioridade a aprobación definitiva esta reserva de solo deberá estar recollida e delimitada con exactitude no ámbito residencial e a súa ubicación nos planos de ordenación detallada que definan o Polígono, dando así cumprimento á superficie de vivenda protexida en algunha das parcelas da ordenación detallada que resulten no mesmo, coa localización precisa sobre plano. CUMPRE.

RESOLUCIÓN

Polo anteriormente exposto, **visto** o informe técnico emitido polo arquitecto municipal Óscar Pidre Mosquera, con sinatura dixital de data 6 de outubro de 2026, e **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, consinatura dixital de data 6 de outubro de 2026 (Co visto e prace do Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero de Valle, con sinatura dixital de data 6 de outubro de 2026); **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Plan Especial de Reforma interior do Polígono nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, nos termos do Informe Ambiental estratéxico relativo ao plan especial de reforma interior do polígono nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia, asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Progamas, Sra. Margarita Segade Castro o día 22 de maio de 2026, polo Sr. Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental Alejandro Carrera López e pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade Sra. María José Echevarría Moreno o día 22 de maio de 2026, Plan Especial de Reforma interior do Polígono nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira de xullo de 2026 redactado polos arquitectos Sres Manuel Carbajo Capeáns e Celso Barrios Ceide, así como Escrito de alegacións con sinatura dixital do día 18 de setembro de 2026.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública[1] durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG), e anunciarase, ademais, nun xornal de maior difusión na provincia. Durante devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto da Plan Especial de Reforma Interior do Polígono nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

CUARTO.- Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

QUINTO.- Solicitar no seu caso ás administracións públicas afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente aos efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres (3) meses, transcurridos dito prazo se entenderán emitidos con carácter favorable.

[1] Cando, con posterioridade ao trámite de información pública, preténdanse introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrirase un novo trámite de información pública.

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Ángela Pego Martínez

Visto o escrito presentado por **Ángela Pego Martínez**, de data 28/09/2026 (Rexistro de entrada nº 23.932), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A938013970000UQ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 30/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES
Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600023932 do día 28 de setembro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME
Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS
4.1. Documentación achegada
Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística
O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A052015230000K, no seu plano 8.22. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Salmón, San Cortes-Xenxides, Canaveiro), a escala E:1/2000; coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), artigo 134 do PXOM.

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta norma as áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupando ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO
O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES
Serán obras preferentes as de:
- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.
Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS
Uso global: residencial extensivo.
Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.
Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS
A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN
CONDICIÓNS DA PARCELA
Parcela mínima: 500 m^2. non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.
Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓNS DE OCUPACIÓN
Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas se aplicará a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, tratase de ocultar medianeiras, non criando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m^2. construídos por planta.

CONDICIÓNS DE EDIFICABILIDADE.
Edificabilidade máxima: 0,50 m^2/m^2.

ALTURA DA EDIFICACIÓN
Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Altura de coroación: 4 metros por cima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS
Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.
As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, se autorizan ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m2, e non podendo superar os 50 m2.
Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓNS AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.
Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.
Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a harmonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.
As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outro cor.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase, parcialmente afectada, pola servidume de protección da estrada de titularidade autonómica AC-550, polo que para levar a cabo calquera actuación urbanística deberá solicitar autorización á Axencia de Infraestruturas da Xunta de Galicia (AXI).

17.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA (CORRECCIÓN DE ERROS) – María José Muñiz Muñiz

Visto o escrito presentado por **María José Muñiz Muñiz**, de data 04/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.537), no que solicita a subsanación de erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 01/08/2026, relativo a solicitude de información urbanística da parcela con referencia catastral nº 15074A802010170000ZM.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada en data 01/08/2026, e advertido erro na redacción do citado acordo:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro resultando o acordo tal como segue:

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Visto o escrito presentado por **María José Muñiz Muñiz**, de data 22/09/2026 (Rexistro de entrada nº 23.464), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A802010170000ZM.

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600023464 do día 22 de setembro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A802010170000ZM, no seu plano 8.3. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Viñas – Perdigoteira, Goda), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural consolidado (SNR-A), artigo 133 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.A., artigo 133 do PXOM:**

Comprende esta ordenanza as áreas de solo mais consolidado das aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:
- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- ampliación
- obra nova

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, se manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 200 m^2. non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, excepto en aqueles casos de parcelas entre paredes medianeiras.

Fronte mínimo: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. e se cumpran o resto das condicións de edificación.

CONDICIONES DE OCUPACIÓN

Posición: Se terán en conta os seguintes criterios:

- En áreas consolidadas: as que resultan coherentes cas aliñacións das edificacións existentes e do viario regularizado, buscando sempre que sexa posible unha aliñación paralela a algún tramo do viario.
- En áreas pouco consolidadas: a fachada da edificación que de fronte ao viario ha de ser, necesariamente, paralela ao eixe do viario existente ou regularizado ou de nova apertura; cando o viario a que de fronte sexa curvo, á corda que una os extremos da parcela no seu interior co borde do viario, e se aplicará a normativa viaria.

Non obstante poderán autorizarse excepcionalmente distancias menores en áreas compactas cando ao aplicarse a normativa quedasen fora de aliñación edificacións existentes e se permita coma mínimo unha sección viaria de 5 metros.

A edificación poderá ser exenta ou acaroada, permitíndose acaroar cando exista medianeira vista ou si se trata dun proxecto de edificación conxunta ou existise acordo entre lindantes. Nos outros casos o recuado a lindeiros debe ser coma mínimo de 3 metros.

Ocupación máxima na parcela: 50 %

CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN

Edificabilidade máxima: 1,25 m^2/m^2

ALTURA DA EDIFICACIÓN

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Nº plantas: Baixo + unha planta e o aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.
Altura máxima: 6,5 metros de altura.
Altura de coroación: 4 metros por cima do último forxado.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.
Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, como galerías e miradoiros.

As características e dimensións destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de 3,0 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 metros cadrados.

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓNS AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicos anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase, parcialmente, dentro da zona de protección costeira do Plan de Ordenación do Litoral, e coma uso Xeral dentro do Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas ddo Carregal e Vixán, e Plan Reitor do Parque natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, así coma dentro de Rede Natura; polo que deberá solicitar autorización á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para levar a cabo calquera actuación urbanística do solo.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela conta con fronte a vía pública incluída no inventario de bens e dereitos de Ribeira e representado no PXOM, identificado no inventario co número 175.

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

18.- INFORMACIÓN E CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Camilo Álvarez Vila

Visto o escrito presentado por **Camilo Álvarez Vila**, de data 01/09/2026 (Rexistro de entrada nº 21.148), no que solicita información e certificación urbanística en relación con vivenda situada na estrada xeral nº 85 – 3º, ca referencia catastral 15074A027002150004XZ.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 25/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

INFORMACIÓN URBANÍSTICA

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600021148 o día 1 de setembro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha vivenda indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A027002150004XZ, no seu plano 4.15, de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela é:

- **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroadas a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificada.

1.1- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m^2

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m^2/m^2

Altura edificación:
Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros
Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non pudendo pecharse con elementos

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.

- Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.
- Comisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.
Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. Situación da 4ª planta ao respecto do planeamento urbanístico

Segundo o artigo 156 do PXOM, que regula a ordenanza de aplicación na parcela obxecto deste informe, o número máximo de plantas permitido por esta ordenanza é de Planta Baixa + 1 planta de piso + planta baixo cuberta; co que calquera planta por cima destas, encontrarase desconforme ca normativa urbanística.

6. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela encóntrase, dentro da servidume de protección de Costas, polo que deberá solicitar as autorizacións preceptivas para levar a cabo calquera actuación urbanística, ao Servizo do Litoral da Xunta de Galicia.

Encóntrase, así mesmo, en zona de protección da estrada DP-7307, polo que deberá achegar autorización da Deputación de A Coruña para calquera actuación urbanística.

CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 29/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de restauración da legalidade urbanística en relación á vivienda sita no Estrada Xeral nº 85-3º, Castiñeiras, Ribeira con refª catastral nº 15074A027002150004XZ.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María José Muñiz Muñiz e Juan Antonio Muñiz Muñiz

Visto o escrito presentado por **María José Muñiz Muñiz**, de data 22/09/2026 (Rexistro de entrada nº 23.462), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A8020002700000ZS, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 28/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A8020002700000ZS, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Abraham Benítez Somoza

Visto o escrito presentado por **Abraham Benítez Somoza**, de data 28/09/2026 (Rexistro de entrada nº 23.981), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9000423MH9190S0001AZ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 28/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9000423MH9190S0001AZ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

21.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Aida Tarrío Torrado

Visto o escrito presentado por **Aida Tarrío Torrado**, de data 29/09/2026 (Rexistro de entrada nº 24.024), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A02600368, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 29/09/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A02600368, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

22.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Francisco Dios

Visto o escrito presentado por **José Manuel Francisco Dios**, de data 01/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.296), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A011001370000KI, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 01/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A011001370000KI, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Manuel Candal García

Visto o escrito presentado por **José Manuel Candal García**, de data 01/10/2026 (Rexistro de entrada nº 4.393), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0620917NH0102S0001QH, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 02/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0620917NH0102S0001QH, neste termo municipal <u>non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.</u>**

24.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Ana Belén Fungueiriño Castro

Visto o escrito presentado por **Ana Belén Fungueiriño Castro**, de data 06/10/2026, no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0927904NH0102N0006LD, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 06/10/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 0927904NH0102N0006LD, neste termo municipal <u>non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.</u>**

25.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. FRANCISCO JAVIER OREIRO IGLESIAS, COMO MANDATARIO DE Dª PURIFICACIÓN SAMPEDRO AGEITOS, POLOS DANOS OCASIONADOS POR MOR DE CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2026 RESP000005.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. FRANCISCO JAVIER OREIRO IGLESIAS, en nome e representación de Dª PURIFICACIÓN SAMPEDRO AGEITOS,** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

<u>Primeiro</u>.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 10/02/2026 co número 20263160, D. Francisco Javier Oreiro Iglesias, en nome e representación de Dª Purificación Sampedro Ageitos, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos na data 23/07/2024 como consecuencia dunha caída ocorrida na Rúa Romero Ortiz por mor dunhas lousas de pedra que estaban en mal estado.

<u>Segundo.-</u> Por Decreto da Alcaldía de data 03/03/2026, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Ribeira. Así mesmo, comunícase ó/á interesado/a que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 32 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e 5.3 e 67.2 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Concello de Ribeira

Administracións Públicas, xa que non acredita a representación coa que actúa por calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, nin especifica a avaliación económica da responsabilidade patrimonial que reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido/a da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente acuse de recibo de que a notificación foi practicada ó/á interesado/a na data 10/03/2026.

Cuarto.- Á data da sinatura desta proposta de resolución, non consta no expediente que por parte do/a reclamante se procedera á emenda do/s referido/s requisito/s.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias da Alcaldesa na Xunta de Goberno Local asinado na data 20/10/2025.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 68.1 da Lei 39/2015 dispón que: *"Si la solicitud de iniciación no reúne los requisitos que señala el artículo 66, y, en su caso, los que señala el artículo 67 u otros exigidos por la legislación específica aplicable, se requerirá al interesado para que, en un plazo de diez días, subsane la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciera, se le tendrá por desistido de su petición, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21."*

CUARTO.-

No caso que nos ocupa, o requirimento de emenda da solicitude foi realizado e notificado ó/á interesado/a, coa indicación esixida no artigo 68.1 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para emendar, se producise a emenda requirida.

QUINTO.-

O artigo 21 da Lei 39/2015, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 06/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Ter por desistido/a da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a Dª Purificación Sampedro Ageitos, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 10/02/2026, co número 20263160, **e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a súa emenda no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 03/03/2026, notificado na data 10/03/2026**. Todo elo, de conformidade cos artigos 21 e 68.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

26.- SOLICITUDE VAO PERMANENTE – Francisco Javier Pérez Ayaso

Visto o escrito presentado por **Francisco Javier Pérez Ayaso**, de data 03/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.389), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Falcoeiro, nº 18 (Aguiño).

Visto o informe, de data 24/09/2026, emitido en sentido desfavorable pola Policía Local, no que sinala:

"Examinada la solicitud de autorización de vado permanente presentada y entrevistado con el solicitante, el inmueble objeto del expediente, se constata que la finalidad alegada no se corresponde con la función propia de este tipo de autorizaciones destinada a garantizar la reserva y el mantenimiento de la vía pública expedita para permitir la entrada y salida de vehículos a un inmueble, sino que la solicitud es en un terreno privado. Asimismo, de las manifestaciones realizadas por las partes interesadas se desprende que existe una controversia entre el propietario de la vivienda y los inquilinos en relación con la utilización del inmueble y las condiciones derivadas de la relación contractual.Tanto el propietario como los inquilinos han manifestado que la cuestión relativa al contrato se encuentra actualmente judicializada.

2. Consideraciones técnicas

La autorización de un vado permanente tiene por objeto posibilitar el acceso de vehículos al inmueble mediante la correspondiente reserva de paso sobre la vía pública, no siendo su finalidad resolver o intervenir en controversias de naturaleza privada entre el propietario del inmueble y sus ocupantes. En el presente caso, la situación planteada parece estar vinculada fundamentalmente a una controversia existente en el ámbito privado del inmueble, sin que se haya acreditado que la misma determine una necesidad de reserva de la vía pública que responda a la finalidad propia de un vado permanente.

En consecuencia, no procede utilizar la autorización de vado como instrumento para resolver, directa o indirectamente, una controversia contractual o de uso existente entre particular

CONCLUSION

A la vista de lo anteriormente expuesto, se considera que la solicitud de vado permanente no responde, en las circunstancias actualmente acreditadas en el expediente, a la finalidad propia de esta autorización administrativa, consistente en garantizar el acceso de vehículos al inmueble mediante el correspondiente uso o reserva de la vía pública.

La controversia existente entre el propietario y los inquilinos pertenece al ámbito de las relaciones privadas entre las partes y, según manifiestan los interesados, se encuentra actualmente judicializada, por lo que las cuestiones relativas al contrato y al uso de la vivienda deberán ser resueltas, en su caso, por la jurisdicción competente.Por todo ello, ***se informa desfavorablemente la autorización del vado permanente solicitada.****"*

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

A Xunta de Goberno Local, visto o informe, de data 24/09/2026, emitido en sentido **desfavorable** pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Non autorizar** a solicitude de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Falcoeiro, nº 18 (Aguiño), presentada por **Francisco Javier Pérez Ayaso**, polas razóns argumentadas no informe policial, de data 24/09/2026, citas nos parágrafos anteriores.

27.- VAO PERMANENTE – Antonia Bravo Maximiliano

Visto o escrito presentado por **Antonia Bravo Maximiliano**, de data 25/08/2026 (Rexistro de entrada nº 20.575), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Manuel Murguía, nº 19 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe, de data 04/10/2026, emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Conceder** a **Antonia Bravo Maximiliano**, autorización para a instalación dunha praca de **vao permanente** (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Manuel Murguía, nº 19 (Aguiño), según o sinalado no citado informe policial.
b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

28.- VAO PERMANENTE – Encarnación Paz Pérez

Visto o escrito presentado por **Encarnación Paz Pérez**, de data 15/06/2026 (Rexistro de entrada nº 14.741), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa do Vilar, nº 76 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe, de data 04/10/2026, emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Conceder** a **Encarnación Paz Pérez**, autorización para a instalación dunha praca de **vao permanente** (2,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa do Vilar, nº 76 (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial.
b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da*

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

29.- VAO PERMANENTE (CAMBIO DE TITULARIDADE) – Frinsa del Noroeste, S.A.

Visto o escrito presentado por Jesús Manuel Pisos Arnoso en representación de **Frinsa del Noroeste, S.A.**, de data 05/10/2026 (Rexistro de entrada nº 24.609), no que solicita o cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 19/11) para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Xarás, nº 34 (Avenida Ramiro Carregal Rey) (Ribeira).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Conceder** a **María Pozas Fernández**, cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente (Nº 19/11) para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Xarás, nº 34 (Avenida Ramiro Carregal Rey) (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.

30.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DO PAVILLÓN DO CEIP O GRUPO – Alba Vidal García

Visto o escrito presentado por **Alba Vidal García**, de data 23/09/2026 (Rexistro de entrada nº 23.537), no que solicita a cesión de uso do pavillón do CEIP O Grupo, os martes (en horario de 17:00 h. a 18:00 h.) e os xoves (en horario de 18:00 h. a 19:30 h.), co fin de impartir clases a maiores, consensuado co propio centro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Non autorizar a cesión de uso do pavillón do CEIP O Grupo, os martes (en horario de 17:00 h. a 18:00 h.) e os xoves (en horario de 18:00 h. a 19:30 h.), co fin de impartir clases a maiores.

31.- SOLICITUDE DE CORTA DE ÁRBORES – Santos Oujo Bello

ASUNTO:	SOLICITUDE DE CORTA DE ÁRBORES
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	AMEIXIDA, 5A, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A019014270000KD
EXPEDIENTE:	2026/TMA-000073
SOLICITANTE:	SANTOS OUJO BELLO (***476***)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO URBANO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por D. Santos Oujo Bello, de data 25 de setembro de 2026 (entrada núm. 23.832), mediante o que solicita permiso para a corta de tres (3) árbores, da especie *Pinus pinaster*, por risco de caída.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 1 de outubro de 2026, favorable.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

Establece o artigo 2 da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, ao referirse ao concepto de monte ou terreo forestal, o seguinte: *"(...) 2. Non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:*
a) O solo urbano e o solo de núcleo rural.
b) O solo urbanizable delimitado, coas excepcións sinaladas na disposición transitoria quinta.
c) Os terreos de dominio público, agás os que integran o dominio público forestal.
d) Os terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola.
e) Os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, sen prexuízo do establecido no artigo 61 desta lei. (...)"

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril, n*on requiren declaración responsable nin autorización administrativa: *"c) Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012."*

A actuación pretendida non afecta a espazos naturais protexidos.

Resultado da consulta efectuada ante o Servizo do Litoral na data do 29 de setembro de 2026:

"(...) Os aproveitamentos ou tratamentos silvícolas que se desenvolvan en terreos situados na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre non están sometidos á autorización autonómica regulada no Decreto 97/2019, do 18 de xullo. A súa disposición adicional cuarta establece que as cortas de árbores se rexerán pola normativa sectorial específica.

Polo tanto, a corta das tres árbores, polo feito de situarse nunha parcela incluída na zona de servidume de protección, non require autorización deste Servizo do Litoral. Esta conclusión circunscríbese á competencia autonómica en materia de costas, sen prexuízo dos títulos ou informes que, de ser o caso, resulten esixibles conforme á normativa sectorial aplicable.

A situación sería distinta se para executar os traballos resultase necesaria a ocupación ou utilización do dominio público marítimo-terrestre —incluído o seu uso como acceso para maquinaria ou medios auxiliares— ou se os traballos comprendesen a corta ou retirada de exemplares situados en terreos pertencentes a ese dominio público. Neses supostos, a actuación deberá contar previamente co título habilitante que corresponda, cuxa tramitación se encadra nas competencias deste Servizo do Litoral, de conformidade coa Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas; o Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro; a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia; e o Real decreto 394/2025, do 13 de maio. (...)"

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

O artigo 135.1.c) da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, dispón que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións haberán de conservalos nas condicións legais para servir de soporte a ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

3. RESOLUCIÓN

Visto o informe técnico con proposta de resolución do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 01/10/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCA**l, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Autorizar a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións e/ou medidas correctoras referidas no informe favorable emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente:

- *Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*
- *Unha vez finalizados os traballos retiraranse ou trituraranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindeiras.*
- *Se como consecuencia da execución dos traballos de corta e saca resultase afectado algún camiño de titularidade pública ou servizo, deberá ser reparado ao finalizar as tarefas.*
- *O rebaixado dos tocos resultantes da corta efectuarase sen empregar ningún produto químico para a súa eliminación.*

32.- DACIÓN DE CONTA DA RESIDENCIA TEATRAL ARTÍSTICA PISCORE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 05/10/2026, relativa á celebración da residencia teatral artística da compañía Piscore, que se desnvolverá nas instalacións do Auditorio Municipal do 07 ao 09/10/2026.

33.- SOLICITUDE DE REGULACIÓN DE PRIORIDADE DE PASO EN CRUCE – Juan Chouza Maneiro

Visto o esccrito presentado por **Juan Chouza Maneiro**, de data 19/03/2026, no que solicita que se regule a prioridade de paso nunha vía sen saída ao lugar de San Pedro (Palmeira).

Visto o informe/proposta emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 05/10/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar que se proceda a pintar sobre a calzada a correspondente liña transversal de parada (M-4.1), xunto cunha marca viaria de STOP que delimite claramente a posición de seguridade para os vehículos que pretenden incorporarse, delimitando tamén uns 5 metros os carrís de circulación da vía secundaria para encauzar o tráfico á mellor localización de

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

visibilidade para incorporarse á vía principal, segundo o contido do citado informe policial.

34.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 07/10/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese petición presentada por Luis Vidal Silva, en nome de A.P.A A Guía de Carreira, sede electrónica 2026 24534 de data 03/10/2026 interesando dispor da autorización para o Uso Temporal do Centro Social Cultural de Carreira así como da ocupación da explanada exterior con inchables co obxectivo de organizar e celebrar a Festa do Samaín o vindeiro 31 de outubro de 2026.

Engádese o correo electrónico recibido 6/10/2026 no que comunica as actividades do programa: inchable na explanada e xogos guiados por monitores, merenda con música e a actuación dun mago o alguna outra a determinar.

Manifesta que precisa dispor do da instalación e da explanada exterior de 15 a 22 horas, donde o acto celebrarase de 16 a 20 horas aprox.

Considerando que:
O Concello de Ribeira apoia a celebración de actos/actividades promovidos polo tecido asociativo principalmente proporcionando espazos, apoio loxístico, recursos que permitan a realización dos eventos culturais, educativos, artísticos etc. ao tempo de asegurar que as instalacións municipais beneficien ao maior número de cidadáns.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e pudendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Para levar a cabo esta actividade requírese a Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos a Mocidade de Carreira a cancelación da actividade autorizada para esta data e hora conforme o acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2026.

Engádese Informe da Policía Local de viabilidade de ocupación do espazo solicitado, asinado polo Intendente-Xefe, José Manuel Bretal Laranga na data 06/10/2026.

Conclusión:
Emítese INFORME Favorable de Uso Temporal do Centro Social Cultural de Carreira e ocupación da explanada exterior co obxecto de celebrar o Programa do Samaín o sábado 31 de outubro de 2026, dispoñible de 15 a 22 horas organizado pola A.PA. A Guía de Carreira."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar o Uso do Centro Social Cultural de Carreira e explanada exterior a A.P.A A GUÍA DE CARREIRA para celebrar o *Programa de Samaín* o sábado 31 de outubro de 2026 en horario de 16 a 20 horas e coa disposición de 15 a 22 horas.

- Na difusión e publicidade das actividades deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.

- Notificar a cancelación da actividade "Baile" Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos a Mocidade de Carreira no Centro Social Cultural de Carreira conforme a autorización comunicada na data 30/07/2026 rexistro 2026 10272.
- Notificar o acordo a entidade solicitante xunto as seguintes

CONDICIÓNS DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A disponibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que poderían orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respectar o aforo da instalación.
7. **Garantir o cumprimento estrito das normas de hixiene e seguridade alimentaria,** evitando riscos de contaminación correspondendo a ANPA a responsabilidade de calquera incidencia ao respecto.
8. **Seguridade dos inchables**: Aportar o certificado de homologación dos inchables, proxecto ou memoria técnica de instalación, certificado de montaxe técnico visado por técnico competente que garante o seu correcto anclaxe e a súa estabilidade.
9. Lémbrase á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

35.- AXUDAS ESCOLARIZACIÓN 2026-2027

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 06/10/2026, relativa ás axudas á escolarización 2026-2027, en relación á concesión de axudas á escolarización do curso 2026-2027.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o listado definitivo así como os seguintes gastos relativos ás axudas á escolarización 2026-2027:

- *Libros de texto, material escolar e material didáctico*:

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33

Solicitudes presentadas e valoradas 147;

- 43 concedidas que non superan o limite orzamentario de 4000 euros. O gasto total é de 3.225,00€
    - 104 Denegadas por non cumplir as bases establecidas.

Gasto total: 3.225,00 €

- *Material informático*:

Solicitudes presentadas e valoradas 31;

- 30 solicitudes denegadas por non presentar a documentación preceptiva para a valoración.
    - 1 concedida, presentado a solicitude e documentación completa.

Gasto total: 53,89,00

- *Axudas de comedor escolar*:

Solicitudes presentadas e valoradas 151;

- 89 concedidas que non superan ó limite de crédito orzamentario: 11 solicitudes de 5€ diarios, 73 solicitudes de 3€ diarios e 5 solicitudes de 4€ diarios, segundo a puntuación obtida na valoración.
    - Denegadas 62 solicitudes por non cumplir as bases publicadas.
      Gasto total: 55.316,89 €.-o orzamento aprobado foron 60.000 euros para comedor escolar.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

CSV: 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001D3FA100G1G6K8K0J4G3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-ALCALDESA PRESIDENTA - 09/10/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/10/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 09/10/2026 12:33:53

DOCUMENTO: 20261916833
Fecha: 09/10/2026
Hora: 12:33